

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

7046 *Corrección de erros do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica.*

Advertidos erros no Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica, publicado no suplemento en lingua galega do número 82 do «Boletín Oficial del Estado», do 4 de abril de 2009, procédese a efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 3, artigo 4, número 4, primeira liña, onde di: «... o distribuidor non facilitase á oficina de cambios...», debe dicir: «... o distribuidor non facilitase ás comercializadoras e á oficina de cambios...».

Na páxina 4, artigo 7, número 1, alínea a), segunda liña, onde di: «... con base nos prezos dos mercados a prazo.», debe dicir: «... con base nos prezos dos mercados a prazo e outros custos da enerxía, tales como os custos de axustes do sistema e pagamentos por capacidade.»

Na páxina 6, disposición adicional cuarta, número 1, primeiro parágrafo, cuarta e quinta liñas, onde di: «... dos prezos que cobre aos suxeitos xeradores do mercado que determine a Secretaría Xeral de Enerxía do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, tanto...», debe dicir: «... dos prezos que determine o Ministro de Industria, Turismo e Comercio e que cobre aos suxeitos xeradores do mercado, tanto...».

Na páxina 7, disposición adicional oitava, número 1, primeiro parágrafo, quinta liña, onde di: «2.258.543.500,63 euros.», debe dicir: «2.279.940.066,63 euros.».

Na páxina 8, disposición adicional oitava, número 2, no cadro, onde di:

«IBERDROLA, S.A.	810.907.331,66 €
UNIÓN FENOSA, S.A.	262.702.293,56 €
HIDROELÉCTRICA DEL CANTÁBRICO, S.A.	127.042.059,30 €
ENDESA, S.A.	1.017.237.502,12 €
ELCOGÁS, S.A.	53.155.713,99 €»

debe dicir:

«IBERDROLA, S.A.	812.765.047,33 €
UNIÓN FENOSA, S.A.	264.685.151,16 €
HIDROELÉCTRICA DEL CANTÁBRICO, S.A.	127.364.678,87 €
ENDESA, S.A.	1.021.868.126,03 €
ELCOGÁS, S.A.	53.257.063,23 €»

Na páxina 8, disposición adicional décima, alínea b), terceira liña, onde di: «... o artigo 18 da Lei do sector eléctrico.», debe dicir: «... o artigo 17 da Lei do sector eléctrico.».

Na páxina 11, disposición transitoria cuarta, décima liña, onde di: «... artigo 17 da Lei do sector eléctrico.», debe dicir: «... artigo 18 da Lei do sector eléctrico.».

Na páxina 12, disposición transitoria quinta, número 2, segundo parágrafo, sexta e sétima liñas, onde di: «febreiro, e será realizada, a partir da data en que quede acollido o distribuidor, pola...», debe dicir: «febreiro. A partir do 1 de xullo de 2009 será realizada pola...».

Na páxina 13, disposición derradeira primeira, punto un, primeira liña, onde di: «3. Os titulares de...», debe dicir: «3. A partir da sesión para o 1 de xuño de 2009, os titulares de...».

Na páxina 15, disposición derradeira terceira, punto un, onde di: «A tarifa de último recurso será o prezo máximo e mínimo que lles poderán cobrar os comercializadores de

último recurso aos consumidores que teñan dereito a se acoller a ela, segundo o establecido no artigo 93.1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Entenderase que un consumidor se acolle á tarifa de último recurso de gas cando sexa subministrado por un comercializador de último recurso de gas.», debe dicir: «A tarifa de último recurso será o prezo máximo e mínimo que lles poderán cobrar os comercializadores de último recurso aos consumidores que teñan dereito a se acoller a ela, segundo o establecido no artigo 93.1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Entenderase que un consumidor se acolle á tarifa de último recurso de gas cando sexa subministrado por un comercializador de último recurso de gas.

Os comercializadores de último recurso de gas natural que estiveren a aplicar descontos ou condicións comerciais equivalentes a algún dos seus clientes, disporán como máximo ata o 1 de xaneiro de 2010 para cumpriren o establecido no parágrafo anterior. Para estes efectos, elevarán unha proposta ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que resolverá no prazo máximo de 15 días.»

Nas páxinas 17, 18 e 19, substitúese o anexo polo seguinte:

«ANEXO

Modelos de carta que remitirá o distribuidor aos consumidores

1. CARTA PARA CLIENTES CON POTENCIA CONTRATADA INFERIOR A 10 kW

Estimado cliente,

Como consecuencia da nova normativa, a partir do 1 de xullo de 2009 a subministración eléctrica será realizada polas empresas comercializadoras de electricidade. Desde ese momento, a nosa compañía, como empresa distribuidora dona das redes da súa zona, continuará operando nas instalacións, lendo os seus contadores e proporcionándolle o servizo de avarías de 24 horas.

Isto supón que vostede deberá cambiar de subministrador. Este cambio en ningún caso suporá nin o corte de subministración nin un custo adicional para vostede, presentándosele tres alternativas:

1. Vostede pode contratar cunha empresa comercializadora a un prezo libremente pactado. Para que poida coñecer as ofertas existentes, facilitámoslle a lista completa de empresas comercializadoras dispoñibles, no dorso deste escrito.
2. Se o prefire, pode contratar a subministración con calquera das seguintes empresas que designou o Goberno como *comercializadoras de último recurso* e cuxos datos de contacto lle ofrecemos a seguir. Calquera destas empresas estará obrigada a lle subministrar a electricidade a un prezo que será fixado polo Goberno.

Empresa comercializadora	Teléfono de atención ao cliente	Enderezo da páxina web

3. Por último, se non fai ningunha xestión, o 1 de xullo a súa subministración será automaticamente asumida pola empresa XXXXXX que se encargará de lle enviar as facturas e xestionar os cobramentos pola subministración de enerxía, tal e como se establece no Real decreto XXXXXXXX. Neste caso, nós transferiremos os seus datos a esta empresa para continuar co servizo.

Se no proceso de cambio de subministrador xurdiren problemas, pode vostede chamar ao teléfono:

XXXXXX (Atención ao cliente da empresa distribuidora)

Á espera de lle ofrecer o mellor servizo, reciba un cordial saúdo.

Asdo.:.....

(Nome da empresa distribuidora)

2. CARTA PARA CLIENTES CON POTENCIA CONTRATADA SUPERIOR A 10 kW

Estimado cliente,

Como consecuencia da nova normativa, a partir do 1 de xullo de 2009 a subministración eléctrica será realizada polas empresas comercializadoras de electricidade. Desde ese momento, a nosa compañía, como empresa distribuidora dona das redes da súa zona, continuará operando nas instalacións, lendo os seus contadores e proporcionándolle o servizo de avarías de 24 horas.

Antes desa data, vostede debe proceder a contratar a subministración cunha empresa comercializadora a un prezo libremente pactado. Para que poida coñecer as ofertas existentes, facilitámoslle unha lista completa de empresas comercializadoras dispoñibles, ao dorso deste escrito.

Se vostede non contrata cun comercializador dos indicados, a súa subministración pasará automaticamente a ser asumida pola empresa XXXXXX, que lle aplicará un prezo superior ao do mercado e que se irá incrementando automaticamente no tempo. Nós transferiremos os seus datos a esta empresa para continuar co servizo.

A partir dese momento, a empresa comercializadora será responsable de lle enviar as facturas e xestionar os cobramentos pola subministración de enerxía eléctrica.

Se no proceso de cambio de subministrador xurdiren problemas, pode vostede chamar ao seguinte teléfono:

XXXXXX (Atención ao cliente da empresa distribuidora)

Á espera de lle ofrecer o mellor servizo, reciba un cordial saúdo.

Asdo.:.....

(Nome da empresa distribuidora)

Lista de empresas comercializadoras dispoñibles (para xuntar no dorso da carta para os clientes)

Empresa comercializadora	Teléfono de atención ao cliente	Enderezo da páxina web»